

# PIALE 2023 – Modalidade 1

## Memoria de difusión

**Docente:** Xoán Antón Vizoso Veiga

**Especialidade:** Lingua Inglesa

**Centro de orixe:** IES Monte Castelo, Burela

**Centro en Canadá:** Jarvis Collegiate Institute, Toronto, Canada

**Período de estadía:** 5/11/2023 – 2/12/2023

### Presentación e obxectivos do programa

- [PIALE](#) é un programa de formación do profesorado que ten como primeiro obxectivo mellorar as competencias comunicativas en linguas estranxeiras seguindo un modelo de inmersión nos países onde se falan.
- Ao longo destas catro semanas observamos o funcionamento dos centros aos que nos asignaron recollendo toda a información exportábel ao noso sistema educativo co fin de traballar a interculturalidade. comparando os dous sistemas educativos.

### Os primeiros días en Toronto, Canadá

- **O aloxamento.** Unha vez chegamos a Toronto, fomos repartidos aos correspondentes destinos de aloxamento. Estas familias estaban compostas maioritariamente por inmigrantes de primeira xeración en barrios residenciais que tiñan como un ingreso habitual estudantes estranxeiros.
- **Unha empresa canadense** levou a cabo a contratación e distribución do profesorado ao longo de toda a área residencial de Toronto. Na segunda toma de contacto, as persoas responsábeis falon da súa empresa principalmente e do programa de visitas organizadas, ademais dos centros a que fomos asignados os participantes. Non se levou a cabo unha presentación anunciada en orixe do sistema educativo canadense, nin do profesorado de acollida durante a estadía, nin do calendario escolar, nin dos horarios, sendo a única información relativa ao centro de acollida a súa denominación e o enderezo.
- **O centro escolar: Jarvis Collegiate Institute.** Comezamos cunha reunión co profesorado de acollida que, no meu caso, eran os orientadores do instituto. Despois houbo un percorrido guiado polo edificio e, unha vez fomos asignados aos responsábeis do departamento da materia, comezamos a observación directamente nas aulas.



- **O profesor asignado.** O xefe do departamento de Inglés, encargouse de me asignar as diferentes aulas ás que puiden acudir no mes de estancia. A súa materia de inglés enmarcábase como curso preparatorio de acceso á universidade, equivalente a 2º de Bacharelato. Tamén tiven ocasión de frecuentar regularmente outros cursos e materias: *Inglés (Gr. 11 College - acceso FP) (1º Bac)*, *Música (Gr. 10 – 4º ESO)*, *Inglés (Gr.9 – 3º ESO)*, *Teatro (Gr. 11/12 – 1º/2º Bac)*, *Inglés como 2ª lingua (Gr.9 – 3º ESO)*.

## O país e a cidade de acollida: Canadá e Toronto (Ontario)

- Canadá é un estado federado que está dividido en 10 provincias, 3 territorios e 4 rexións.



Fig. 1: Provincias e Territorios de Canadá

Con 2,6 millóns de habitantes, Toronto é a cidade máis grande de Canadá e a capital da provincia de Ontario. Toronto é cosmopolita e internacional, o que a converte nunha das cidades máis diversas país. Tamén é a capital comercial de Canadá e un dos centros financeiros do mundo. Encóntrase a pouca distancia das fervezas do Niágara.

## O sistema educativo canadense

Preto do 95% dos canadenses prefiren o ensino público fronte ao privado. O ensino público é gratuito para todos os residentes en Canadá e a escolarización obrigatoria até os 16 ou 18 anos, dependendo da provincia ou territorio. Os institutos son mixtos e laicos.

Cada provincia ou territorio canadense ten total responsabilidade en materia de educación. Así pois, en Canadá non hai un único ministerio de educación, senón que hai un Consello de Ministros de Educación (*Council of Ministers of Education*) no que se coordinan.

As provincias e territorios están divididos por distritos escolares, organismos educativos independentes que engloban un número variábel de escolas públicas de ensino primario, medio e secundario que deciden a oferta académica e deportiva de cada centro.

No distrito Toronto é o seu Consello Educativo (*Toronto District School Board*) quen decide sobre o currículo, a metodoloxía, e tamén sobre a avaliación. O profesorado segue as instrucións que se lle ditan e traballa co alumnado sobre rúbricas que tamén se establecen.

## Etapas educativas en Canadá

- *Elementary (Primary) Schools*: equivalente á educación primaria. Corresponden aos primeiros 6 graos ou cursos (7 nalgúñas provincias). Remátase aos 12 anos.
- *Junior High School / Middle School*: graos 7 e 8, correspondentes a 1º e 2º de ESO.
- *High Schools*: graos 9 a 12, que correspondentes a 3º de ESO a 2º de Bacharelato.

Idade	Curso Galiza	Curso Canadá
12-13	1º ESO	Grao 7
13-14	2º ESO	Grao 8
14-15	3º ESO	Grao 9
15-16	4º ESO	Grao 10
16-17	1º Bacharelato	Grao 11
17-18	2º Bacharelato	Grao 12




Fig. 2: Etapas educativas en Canadá

## O sistema educativo en Ontario

A oferta de materias é moi variada, debendo elixir un mínimo de materias troncais (matemáticas, ciencias, tecnoloxía, sociais), e aparte outras materias en ámbitos moi variados (artes, idiomas, tecnoloxías, economía, etc.) escollidas libremente.

As materias troncais ofértanse en dúas modalidades: *avanzadas* para iren á Universidade, ou ben *aplicadas* para iren ao *College* (FP).

Ademais contémpanse 40 horas de servizos á comunidade educativa e requírese aprobar o *Ontario Secondary School Literacy Test (OSSLT)*. Este último forma parte dunha serie de probas xerais que se realizan anualmente nas diferentes etapas educativas para facer un seguimento do grao de consecución dos obxectivos.

Finalmente, o alumnado pode obter o *Diploma da Escola Secundaria de Ontario (OSSD)*

Nas provincias, fíxanse tamén uns obxectivos comúns para acadar a excelencia e a "equidade". En todos os centros canadenses hai unha promoción constante do benestar individual co que se trata de incrementar a confianza pública do individuo.

### What do you need to graduate from high school?

#### 18 compulsory credits

Students must earn the following compulsory credits to obtain the Ontario Secondary School Diploma:

4	credits in English (1 credit per grade)*
3	credits in mathematics (1 credit in Grade 11 or 12)
2	credits in science
1	credit in Canadian history
1	credit in Canadian geography
1	credit in the arts
1	credit in health and physical education
1	credit in French as a second language
0.5	credit in career studies
0.5	credit in civics

#### In addition, students must complete:

✓	12 optional credits <sup>†</sup>
✓	40 hours of community involvement activities
✓	the provincial literacy requirement

Plus one credit from each of the following groups:

#### Group 1:

- English or French as a second language\*\*
- a Native language
- 1 • a classical or international language
- social sciences and the humanities
- Canadian and world studies
- guidance and career education
- cooperative education\*\*\*

#### Group 2:

- health and physical education
- 1 • the arts
- business studies
- French as a second language\*\*
- cooperative education\*\*\*

#### Group 3:

- science (Grade 11 or 12)
- 1 • technological education
- French as a second language\*\*
- computer studies
- cooperative education\*\*\*

\* A maximum of 3 credits in English as a second language (ESL) or English literacy development (ELD) may be counted towards the 4 compulsory credits in English, but the fourth must be a credit earned for a Grade 12 compulsory English course.

\*\* In groups 1, 2 and 3, a maximum of 2 credits in French as a second language can count as compulsory credits, one from group 1 and one from either group 2 or group 3.

\*\*\* A maximum of 2 credits in cooperative education can count as compulsory credits.

† The 12 optional credits may include up to 4 credits earned through approved dual credit courses.

support every child  
reach every student



Fig. 3: Requisitos para a obtención do Graduado de Educación Secundaria

## Organización dos centros en Ontario.

- A maioría dos centros en Ontario son centros públicos e sostidos con fondos públicos. Algúns son relixiosos pero son privados sen financiamento público. Os institutos públicos están acreditados a nivel provincial, seguen o mesmo plan de estudos provincial e só poden empregar profesorado certificado polo goberno.

## O profesorado

- O *School Board* escolle o centro de destino dos equipos directivos que nomeados, que teñen como obxectivo principal lograr o máximo rendemento do alumnado coa mínima porcentaxe de abandono escolar.

- Os directores deben ser profesores cun mínimo de experiencia de 5 anos. Despois de recibir formación, pasan a ser vicedirectores por un tempo e despois poden solicitar a dirección dun centro. Non teñen carga lectiva.
- O profesorado para acceder a un posto fixo nun centro debe pasar por varias etapas:
  - Profesorado substituto.
  - Profesorado a tempo parcial.
  - Finalmente pode solicitar a praza a tempo completo.
- Sempre que se precisa, está dispoñíbel profesorado substituto, por unhas horas ou polo tempo que sexa necesario.
- Nas aulas o profesorado titular tamén pode contar coa presenza de voluntarios que lle axudan a atender á diversidade.
- O número máximo de alumnado é 28, pero nos grupos de ESL só entre 18-20.

## A Avaliación

Chama a atención as diferenzas, cando se compara co noso sistema, nos baremos que seguen en Canadá xa que o traballo de aula e outros probas menores supoñen até o 70%, mentres que os exames teñen un peso do 30% ou menos. Iso si, a asistencia á clase considérase vital, levando un control exhaustiva das ausencias, xa que a participación e a actitude cara ao traballo son moi importantes.

## O centro de acollida: [Jarvis Collegiate Institute](#)



## Horarios e materias

As aulas en Ontario duran 80 minutos. No Jarvis Collegiate Institute de Toronto as clases empezaban ás 9h pero o profesorado incorpórase media hora antes. O horario remata ás 15h e contan con unha hora de descanso para xantar. Aínda que había algunha variación que cito a continuación:

Regular Schedule	A = Day 1 (odd days)	B = Day 2 (even days)
9:00a - 10:20a	Class A*	Class A*
10:25a - 11:40a	Class B	Class B
11:40a - 12:40p	LUNCH	LUNCH
12:40p - 1:55p	Class C	Class D
2:00p - 3:15p	Class D	Class C
* includes 5 minutes for opening exercises/announcements		
Late Start Schedule	A = Day 1 (odd days)	B = Day 2 (even days)
9:55a - 10:55a	Class A	Class A
11:00a - 12:00p	Class B	Class B
12:00p - 1:00p	LUNCH	LUNCH
1:05p - 2:10p	Class C*	Class D*
2:15p - 3:15p	Class D	Class C
* includes 5 minutes for opening exercises/announcements		

Fig. 4: Horario do Jarvis Collegiate Institute

Por outra banda, as tardes quedan dispoñibles para realizar as actividades extraescolares (habitualmente desenvolvidas no mesmo *high school*).

A diferenza da Galiza, en Canadá as materias divídense por orde de dificultade. Así, se a un estudante se lle dan ben as matemáticas, o sistema educativo de Canadá permite que curse o nivel avanzado de matemáticas dentro do seu curso. Desta maneira, permítese a todos os estudantes sacar o seu maior potencial nas áreas que mellor se lle dan.

## Organización das aulas

O alumnado nos centros de secundaria canadenses é moi heteroxéneo. Ao ser Canadá un país bilingüe o sistema educ Canadense garanta tamén a escolarización en francés.

Dado que o profesorado ten asignada unha aula, o alumnado é o que se debe cambiar entre as distintas aulas segundo o seu horario. Desta maneira, o profesorado de Secundaria tamén ten á súa disposición un espazo persoal onde poder organizar os recursos que consideren máis convenientes para a docencia na súa maneira.

Os traballos do alumnado están expostos nas aulas recibindo así o recoñecemento ao esforzo.

